

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

Orde do 21 de novembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, destinadas a pequenas e medianas empresas (Pemes) para a realización de plans ou accións a favor da conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

O Estatuto de autonomía de Galicia establece no seu artigo 4º.2, que lle corresponde aos poderes públicos de Galicia promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos e as galegas na vida política, económica, cultural e social.

Así mesmo, o V Plan do Goberno galego de igualdade de mulleres e homes 2007/2010 establece entre os seus obxectivos o fomento da responsabilidade social das empresas e da identificación dos procesos laborais que poden someterse a revisión e reorganización para implementar novas formas de traballo que favorezan a conciliación e diminúan a rotación ou abandono laboral.

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar é o departamento da Administración autonómica ao que lle corresponde o exercicio, como propias, das competencias e funcións en materia de igualdade de xénero, tal e como se establece no artigo 1º do Decreto 517/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

A Secretaría Xeral da Igualdade é o órgano ao que lle corresponden, entre outras funcións, o deseño, a coordinación, a avaliación e a xestión das políticas que a Xunta de Galicia realice en materia de conciliación da vida persoal, familiar e laboral, de loita contra a discriminación por razón de sexo, e de promoción da igualdade entre mulleres e homes.

A harmonización do emprego coa vida persoal e familiar hoxe en día que as mulleres se incorporaron de xeito masivo ao mundo laboral, preséntase na nosa sociedade como un grave problema: atender simultaneamente ao traballo doméstico e ao traballo remunerado realizado fóra do fogar é moitas veces inviable por razóns de incompatibilidade horaria ou de desprazamento e noutros moitos casos supón ter unha xornada interminable, sobre todo para as mulleres, debido á atribución tradicional ao sexo feminino do rol de coidadora da familia e do fogar.

Para solucionar esta problemática sen desincentivar o emprego feminino, cómpre introducir a perspectiva de xénero no deseño e implementación das políticas de conciliación e considerar os homes suxeitos titulares do dereito á conciliación da vida familiar e laboral por ter asumido, na mesma medida que as mulleres, a responsabilidade directa do traballo de coidado do fogar e da familia.

Faise ademais preciso que todas as partes implicadas: administracións públicas, empresariado, sindicatos e sociedade en xeral, adopten actitudes de corresponsabilidade que permitan ás persoas desenvolverse dun xeito integral, pois só así se sentarán as bases para a construción dunha sociedade máis democrática e igualitaria.

No ámbito empresarial adoptar políticas corresponsables significa, entre outros aspectos, avanzar cara a novas fórmulas que permitan adaptar os tempos do traballo ás necesidades familiares e persoais dos homes e mulleres que integran os cadros de persoal sen que isto constitúa un problema para a súa estabilidade laboral e promoción profesional nin unha deficiencia para o seu rendemento.

As medidas de conciliación preséntanse para as empresas como unha oportunidade de modernizarse, rendibilizar e conseguir a fidelización do seu capital humano ao mesmo tempo que de incrementar os seus beneficios. Non obstante, moitas veces tanto o empresariado como os seus traballadores e traballadoras descoñecen as posibilidades e as medidas que se poden pór en práctica para tentar levalo a cabo, facéndose necesario desde os poderes públicos desenvolver iniciativas que promovan e consoliden un cambio de mentalidade e que senten as bases para a mellora da calidade de vida da poboación, posibilitando o desenvolvemento integral de homes e mulleres e unha maior solidariedade e cohesión social.

Neste sentido, a Secretaría Xeral da Igualdade considera necesario abordar, a través de accións concretas a nivel particular e coherentes no seu conxunto, medidas favorecedoras da conciliación que dean resposta ás novas demandas da sociedade.

Esta orde axústase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia en todo o que non se opón ao establecido na lei anterior e, así mesmo, adáptase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no seu regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo e na Lei 16/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008, existindo crédito axeitado e suficiente para o financiamento do gasto que se proxecta.

Na súa virtude e no uso das atribucións que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

O obxecto desta orde é regular as bases e o procedemento de concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, ás pequenas e medianas empresas (Pemes) domiciliadas en Galicia ou que acometan as accións subvencionables nos seus centros de traballo establecidos en Galicia, para a realización de accións destinadas a promover a elaboración e posta en marcha nestas empresas de plans ou accións a favor da conciliación da vida persoal, familiar e laboral que contribúan, ademais, a superar os estereotipos que adscriben a homes e mulleres a determinadas tarefas e funcións tanto no ámbito profesional como no privado e familiar.

Artigo 2º.-Financiamento.

1. As accións incluídas nesta orde financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 05.30.312G.470.0 (código proxecto 2008 00742) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, participando neste financiamento a Unión Europea a través do Fondo Social Europeo nun 80%.

2. O orzamento total das subvencións convocadas é de 300.000 euros, que se distribuirán do seguinte xeito:

-Ano 2008: 90.000 euros.

-Ano 2009: 210.000 euros que quedan condicionados á existencia de crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

3. As subvencións que se concedan serán adxudicadas ata o límite dos créditos dispoñibles na aplicación orzamentaria citada, tendo en conta os principios de publicidade, igualdade, concorrencia competitiva e obxectividade na súa concesión, regulándose conforme o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 3º.-Normativa aplicable.

1. A tramitación de solicitudes e concesión destas subvencións axustarase ao disposto no Regulamento CE nº 1998/2006, da Comisión, do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas *de minimis* (DOUE L 379, do 28 de decembro de 2006), segundo o cal a axuda total *de minimis* concedida a unha empresa non será superior a 200.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais, ou a 100.000 euros no suposto dunha axuda concedida a unha empresa que opere no sector do transporte por estrada, axustarase, así mesmo, ao establecido no Regulamento (CE) 1083/2006, do Consello, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Euro-

peo e ao Fondo de Cohesión, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia en todo o que non se opón ao establecido na lei anterior e, así mesmo, adáptase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no seu regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo e na Lei 16/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008, na presente orde e demais normativa de aplicación.

2. En canto á información e publicidade das accións que se realicen ao abeiro desta orde rexerá o disposto no Regulamento (CE) nº 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro, que fixa normas de desenvolvemento para o Regulamento (CE) 1083/2006 do Consello, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión, e o Regulamento (CE) 1081/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao Fondo Social Europeo e demais normativa de aplicación.

Artigo 4º.-Entidades beneficiarias.

1. Poderán ser beneficiarias destas subvencións as empresas domiciliadas en Galicia ou que acometan proxectos subvencionables nos seus centros de traballo establecidos en Galicia, xa sexan persoas físicas ou xurídicas, que reúnan a condición de micro, pequena ou mediana empresa (Pemes).

Para estes efectos considerarase PEME a empresa que empregue menos de 250 persoas, e cuxo volume de negocio anual non exceda 50 millóns de euros ou cuxo balance xeral anual non exceda 43 millóns de euros, así como que cumpra co criterio de independencia segundo os criterios definidos na Recomendación 2003/361/CE da Comisión, do 6 de maio de 2003. Para o seu cómputo e límites sinalados no caso de empresas asociadas ou vinculadas efectuarase tal e como dispoñen as liñas 2 e 3 do artigo 6 do anexo da antedita recomendación.

Non poderán obter a condición de beneficiarias das subvencións obxecto da presente convocatoria as empresas públicas ou participadas.

2. Os requisitos que deben reunir as empresas beneficiarias das subvencións deberán manterse ata tanto non se execute a acción subvencionada e se xustifique de acordo co establecido na presente orde.

3. As entidades solicitantes deberán cumprir, en todo caso, os requisitos para obter a condición de beneficiarias exixidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 5º.-*Accións subvencionables.*

1. Estas subvencións teñen como finalidade o financiamento do desenvolvemento de plans ou accións a favor da conciliación da vida persoal, familiar e laboral, e pódense conceder para:

a) Elaboración e/ou desenvolvemento de plans de conciliación con perspectiva de xénero.

b) Cursos de formación para persoal directivo, responsables de recursos humanos e membros dos comités de empresa ou delegadas/os de persoal, dirixidos a entender as claves da conciliación e facilitar a súa aplicación na xestión empresarial.

c) Gastos derivados de servizos de atención a menores, de atención a persoas maiores, a persoas enfermas e/ou con diversidade funcional, sempre que os conceptos que se vaian subvencionar non estean financiados por outros departamentos da Administración autonómica.

d) Calquera outro gasto en bens correntes e servizos que teñan como finalidade facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral como aluguer de instalacións para a prestación de servizos relacionados directamente coa conciliación, tickets restaurante, bonos de transporte ou de aparcamento, gastos de asesoramento técnico, etc.

2. Terán carácter prioritario as solicitudes de subvención para as actuacións recollidas na alínea a).

Artigo 6º.-*Elaboración e/ou desenvolvemento de plans de conciliación.*

1. Enténdese por plan de conciliación o conxunto ordenado de medidas dirixidas a facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas que forman parte da empresa e, de ser o caso, das persoas que traballan en empresas subministradoras e/ou da cadea produtiva. O seu deseño deberá responder ao diagnóstico da situación da empresa, fixando obxectivos concretos, as accións necesarias para conseguilos e sistemas eficaces de avaliación e seguimento. Así mesmo, deberá contribuír a superar os estereotipos que adscriben a homes e mulleres a determinadas tarefas e funcións tanto no ámbito profesional como no privado e familiar.

2. Para os efectos de obter a subvención, o plan de conciliación requirirá a acreditación da súa comunicación á representación legal dos traballadores e traballadoras ou, no seu defecto, ao cadro de persoal.

3. Os plans deberán incluír como mínimo:

-Compromiso escrito da dirección.

-Diagnose da situación previa da empresa.

-Obxectivos que se pretenden alcanzar, medidas que se adoptan a prol da conciliación e recursos cos que conta a empresa para propoer o cambio.

-Orzamento desagregado para cada unha das accións.

-Calendario de desenvolvemento.

-Sistemas de avaliación e seguimento.

-Acreditación da comunicación á representación legal dos traballadores e traballadoras ou, no seu defecto, o cadro de persoal, conforme o establecido no artigo 9.2 letra h).

4. Os gastos correntes ocasionados polo desenvolvemento dun Plan de conciliación financiaranse sempre e cando se correspondan con medidas recollidas nel, sendo, polo tanto, necesario achegar coa solicitude un exemplar do dito plan.

Artigo 7º.-*Cursos de formación.*

Para poderen optar á subvención, os cursos de formación en conciliación a que fai referencia a letra b) do artigo 5 deberán ser impartidos por profesionais que acrediten especialización na área de igualdade de oportunidades mediante xustificación documental da súa formación e experiencia profesional.

Artigo 8º.-*Importe, incompatibilidade e concorrencia das subvencións.*

O importe das subvencións poderá acadar con carácter xeral unha contía máxima do 50% do orzamento total da actividade realizada coas seguintes limitacións:

a) No caso das accións recollidas no artigo 5.1.a), as subvencións non poderán superar os 12.000 euros, se se trata da elaboración de plans de conciliación e os 20.000 euros se se trata do seu desenvolvemento.

b) No resto das accións recollidas no artigo 5.1, as subvencións non poderán superar os 10.000 euros.

En ningún caso o importe das subvencións concedidas ao abeiro da presente orde poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia coas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que se vaia realizar.

As empresas solicitantes das subvencións previstas na presente orde deberán presentar, xunto coa solicitude, unha declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.

Así mesmo, na fase de xustificación do pagamento deberán achegar unha declaración complementaria e actualizada co mesmo contido que a descrita no parágrafo anterior.

Artigo 9º.-*Solicitudes, documentación e prazos.*

1. As solicitudes de subvención presentaranse segundo o modelo que se publica como anexo I e dirixiranse, xunto coa documentación necesaria, á Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, podéndose presentar no rexistro central da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, nas súas delegacións provinciais ou a través dalgunha das formas establecidas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

2. As solicitudes deberán presentarse xunto coa documentación, orixinal ou debidamente compulsada, a seguir se relaciona:

a) Anexo II (modelo de declaración xurada), no que consta:

-Declaración expresa de que todos os datos que figuran na solicitude, nos seus anexos e demais documentos son certos e que a dita empresa pertence á categoría de PEME, de acordo cos criterios establecidos na recomendación da Comisión Europea do 6 de maio de 2003 (DOCE do 20 de maio de 2003), sobre a definición de microempresas, pequenas e medianas empresas.

-Declaración de que coñece e admite as condicións da convocatoria e cumpre os requisitos establecidos nela.

-Declaración expresa de non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

-Declaración expresa sobre a concesión ou solicitude de cantas axudas ou subvencións suxeitas ao réxime *de minimis*, así como calquera outra axuda para a mesma actividade ou proxecto, procedentes de calquera Administración ou entes públicos, nacionais ou internacionais.

-Declaración expresa de que os provedores non están vinculados coa entidade solicitante ou cos seus órganos directivos ou xestores.

-Declaración expresa de que se atopa dada de alta no IAE na actividade principal e no grupo ou epígrafe que corresponda.

b) Anexo III (modelo de compromiso coa utilización da lingua galega), se é o caso.

-Declaración voluntaria de compromiso de utilización da lingua galega en todas as relacións que a empresa manteña coa Administración autonómica, así como en todos os elementos que deriven da materialización e publicidade das actuacións subvencionables, de acordo co establecido no artigo 6.3º da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.

c) Anexo IV: ficha de datos básicos.

d) Documentación xurídico-administrativa da empresa solicitante (orixinal ou copia cotexada) que deberá estar en vigor:

-Escritura pública de constitución e estatutos, modificacións posteriores, se é o caso, e acreditación da súa inscrición no rexistro correspondente.

-CIF da entidade solicitante ou NIF, no caso de tratarse dun/dunha empresario/a individual.

-Documento público acreditativo de poder suficiente da persoa física que actúe en nome e representación da empresa solicitante.

-Fotocopia do documento de identidade/NIF da persoa ou persoas (en caso de poder mancomunado) que exerzan a representación.

e) Memoria explicativa do plan ou acción que se presenta, que incluírá, polo menos, a orixe da iniciativa, a súa descrición pormenorizada, as características do centro de traballo en que se vai desenvolver, o seu interese, oportunidade e obxectivos, o calendario de actuación, o orzamento desagregado e detallado ao máximo dos diferentes gastos, e todos os aspectos que poidan ser obxecto de valoración conforme o artigo 11º desta orde.

f) Declaración responsable en que se faga constar que a empresa desenvolve a súa actividade na Comunidade Autónoma de Galicia, que o plan ou acción para a que se solicita subvención non está executado e que as medidas que se implanten, de ser o caso, se van manter polo menos tres anos, agás substitución por outras máis favorables para as traballadoras e traballadores.

g) Declaración responsable, se é o caso, de que a empresa dispón dun plan de igualdade en vigor, para os efectos do previsto no artigo 11º.a), achegando copia del.

h) Declaración responsable da representación legal dos traballadores e traballadoras ou, no seu defecto, da persoa designada para estes efectos polo cadro de persoal, conforme a empresa comunicou a elaboración ou a posta en marcha do Plan de conciliación explicitando, de ser o caso, o modo en que está prevista a súa participación no desenvolvemento das actuacións.

i) Tal e como se establece no artigo 29.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 12.000 euros no suposto de prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, a beneficiaria deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo, agás que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o presen, ou salvo que o gasto se realizase con anteriori-

dade á solicitude de subvención (circunstancia que se acreditará mediante factura co seu correspondente pagamento). A escolla entre as ofertas presentadas, que deberá achegarse xunto coa memoria de solicitude, realizarase conforme criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a escolla cando non recaia na proposta máis vantaxosa. As ofertas presentaranse coa solicitude.

3. O prazo de presentación de solicitudes e da documentación sinalada na alínea anterior será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo fora inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o derradeiro do mes.

Artigo 10º.-*Tramitación dos expedientes.*

1. A Secretaría Xeral da Igualdade, como órgano responsable da súa tramitación, comprobará que os expedientes reúnen todos os requisitos exixidos nesta orde.

En caso contrario, conforme o establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o/a interesado/a será requirido/a para que nun prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da recepción do devandito requirimento, emende a falta ou xunte os documentos preceptivos, con indicación de que, de non facelo, se considerará que desistiu na súa solicitude, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da devandita lei.

2. Conforme o establecido no artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia crearase unha comisión de valoración para estes efectos e que estará composta por:

a) Presidenta: a subdirectora xeral de Promoción da Igualdade.

b) Dous vogais: a xefa de servizo de Análise e Coordinación das Políticas de Igualdade e o xefe de sección administrativa da Subdirección Xeral de Promoción da Igualdade.

c) Secretario/a: un/unha funcionario/a da Subdirección Xeral de Promoción da Igualdade.

Se por calquera causa, no momento en que a comisión de valoración teña que examinar as solicitudes algún dos/das compoñentes non puidesen asistir, será substituído/a pola persoa que para os efectos nomee a secretaria xeral da Igualdade.

3. A dita comisión poderá solicitar tanta documentación considere precisa para unha mellor valoración e comprobación do proxecto.

4. As solicitudes de subvención admitidas e a súa documentación serán remitidas á comisión de valoración para que, unha vez valoradas, esta propoña a concesión ou denegación das axudas seguindo os criterios de valoración establecidos no artigo 11º.

5. Na proposta de concesión que formule a comisión figurarán as contías das axudas propostas, que en ningún caso superarán o 50% do custo total da actuación subvencionada, ata esgotar o crédito dispoñible.

Artigo 11º.-*Criterios obxectivos para a concesión da subvención.*

As solicitudes serán avaliadas cos criterios obxectivos que se relacionan a seguir:

a) Presentación de plans de conciliación que formen parte dun programa de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes nas relacións laborais. A valoración máxima será de 20 puntos.

b) Grao de participación no desenvolvemento das actuacións da representación legal do cadro de persoal ou, no seu defecto, das propias traballadoras e traballadores: ata 10 puntos

c) Número de persoas que forman o cadro de persoal da empresa, de acordo co seguinte baremo:

-Empresas de menos de 10 persoas traballadoras: 5 puntos.

-Empresas de menos de 24 persoas traballadoras: 4 puntos.

-Empresas de entre 25 e 49 persoas traballadoras: 3 puntos.

-Empresas de entre 50 e 100 persoas traballadoras: 2 puntos.

-Empresas de entre 101 e 250 persoas traballadoras: 1 punto.

d) A achega económica da empresa en relación co custo total do proxecto. Por cada 5% de cofinanciamento que supere o 50%, 1 punto.

e) Domiciliación da empresa en municipios de menos de 5.000 habitantes (segundo o último padrón municipal publicado polo IGE no momento da solicitude): 5 puntos.

f) Previsión de accións tendentes a facilitar a conciliación en empresas subministradoras e/ou da cadea produtiva: ata 5 puntos.

g) O carácter innovador do plan ou accións en relación co obxectivo de favorecer a conciliación da vida persoal, familiar e laboral. A valoración máxima será de 5 puntos.

h) Emprego da lingua galega no desenvolvemento das accións, se é o caso, ata 2 puntos.

Artigo 12º.-*Resolución.*

1. Correspóndelle á secretaria xeral da Igualdade, por delegación do vicepresidente da Igualdade e do Benestar, a proposta da comisión de valoración e despois da fiscalización pola intervención delegada, a resolución destas axudas de conformidade co establecido no artigo 7.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. A resolución da subvención ditarase no prazo máximo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Transcorrido este prazo sen resolución expresa, as solicitudes entenderanse desestimadas por silencio administrativo.

Artigo 13º.-*Réxime de recursos.*

As resolucións expresas ou presuntas dos expedientes tramitados ao abeiro do disposto nesta orde esgotarán a vía administrativa e contra elas caberá interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, se é expresa, ou de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Potestativamente, e con anterioridade á interposición do citado recurso contencioso-administrativo, poderase interpor recurso de reposición perante o mesmo órgano que ditou o acto administrativo, na forma e prazos establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que se considere oportuno para a defensa dos dereitos e intereses das entidades solicitantes e outros posibles interesados.

Artigo 14º.-*Aceptación ou renuncia.*

1. Notificada a resolución definitiva polo órgano competente, as entidades interesadas propostas como beneficiarias disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación; transcorrido este sen que se producise manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.

2. A renuncia á subvención poderase facer axustándose ao modelo que se inclúe como Anexo V, así como por calquera outro medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 91 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 15º.-*Obrigas das empresas beneficiarias.*

1. As entidades beneficiarias das axudas obríganse a observar o disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, especificamente o seguinte:

a) Cumprir o obxectivo e executar as accións que fundamentan a concesión da subvención.

b) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o gozo da subvención.

c) Someterse ás actuacións de comprobación que poida efectuar o órgano concedente así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida.

d) Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

e) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados co fin de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, mentres poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

g) Publicitar a subvención concedida durante a realización de toda actividade subvencionada, así como nos anuncios e programas previos, de ser o caso, á súa realización. Así mesmo, deberá facer constar en todos aqueles soportes informativos e publicacións que se realicen que as actividades son subvencionadas pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar - Secretaría Xeral da Igualdade e están cofinanciadas pola Unión Europea, Fondo Social Europeo, segundo a normativa aplicable, tal e como se recolle no artigo 3º.2 desta orde. Deberá remitirse a Secretaría Xeral da Igualdade proba documental do cumprimento desta obriga.

h) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos recollidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. O incumprimento de calquera das obrigas mencionadas será causa de revogación da subvención,

ou de reintegro, se é o caso, dos importes percibidos e dos xuros de demora correspondentes.

Artigo 16º.-Pagamento e xustificación.

1. Farase un primeiro pagamento do 30% da subvención concedida, en concepto de adianto, que se fará efectivo no momento da notificación da resolución.

2. O 70% restante farase efectivo unha vez levadas a cabo as actuacións obxecto da subvención. Para estes efectos a empresa beneficiaria deberá presentar a seguinte documentación (orixinal ou copia compulsada) nos lugares sinalados no artigo 9º desta convocatoria, tendo como prazo máximo para presentala ata o 30 de xuño de 2009:

a) Solicitude de pagamento da subvención (anexo VI).

b) Declaración en que se acredite o importe, procedencia e aplicación dos recursos propios achegados pola empresa para o financiamento da acción que se subvenciona.

c) Declaración complementaria, actualizada, das axudas solicitadas, concedidas ou pendentes de resolución para a mesma actividade, procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, de ser o caso, declaración de axudas *de minimis* obtidas e solicitadas. No caso de ser beneficiaria dalgunha das axudas referidas, deberá achegarse a documentación necesaria para a súa valoración para os efectos da súa concorrencia coa subvención outorgada pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

d) Memoria en que se constate a realización das actividades realizadas indicando, se procede, o grao de consecución dos obxectivos.

e) Xustificantes dos gastos: facturas dos/as provedores/as en relación cos gastos subvencionables, emitidas dentro do período comprendido entre a data da acción subvencionable e a data límite de xustificación. En ningún caso se admitirán gastos efectuados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2008.

f) Xustificación dos pagamentos: transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto de pagamento comprendido entre a data de inicio da acción subvencionable e a data límite de xustificación. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o/a receptor/a e o/a emisor/a do pagamento. Non se admitirán pagamentos en efectivo.

g) Certificación expedida pola entidade bancaria de titularidade da conta onde se debe realizar o pagamento e na que conste a razón social e o CIF da empresa subvencionada, así como o ordinal bancario, código de banco, código de sucursal e código de conta corrente.

h) Documentación que acredite a publicidade do cofinanciamento da Xunta de Galicia e do Fondo Social Europeo (FSE), segundo o sinalado no artigo 13º.1.7 desta convocatoria.

i) Cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 12.000 euros no suposto de servizos para asistencia técnica, a beneficiaria ten que solicitar como mínimo tres ofertas a diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo. A elección da oferta debe achegarse na xustificación tal e como se establece no artigo 29.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

j) Calquera outro documento que se requira durante a tramitación do expediente para a verificación da actuación subvencionada.

3. Procederá a minoración da subvención concedida cando o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto, e sempre que esa minoración non supoña unha realización deficiente da acción.

Artigo 17º.-Modificación da resolución.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da subvención, tal e como se establece no artigo 17.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 18º.-Reintegro da axuda ou subvención.

1. Procederá o reintegro total ou parcial da subvención e dos xuros de demora devengados, segundo o disposto no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nos seguintes casos:

a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impedisen.

b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade ou do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.

c) Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos nesta orde.

d) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 11 e 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistras ou de conservación de documentos cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a

concorrenza de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

e) Adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da Unión Europea, dunha decisión da cal derive unha necesidade de reintegro.

O procedemento de reintegro tramitarase de acordo co establecido no artigo 38 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As cantidades que deban reintegrarse terán a consideración de ingresos de dereito público, resultando de aplicación para o seu cobramento o previsto nos artigos 19 ao 23 da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

2. A obriga de reintegro establecida no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

Artigo 19º.-*Fiscalización, seguimento e control.*

1. A concesión das subvencións reguladas nesta orde estará sometida ao exercicio da función interventora e do control financeiro por parte da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

2. A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar poderá inspeccionar en calquera momento as actuacións realizadas.

3. Ademais, as subvencións estarán sometidas ás actuacións de supervisión e control do Fondo Social Europeo, da Unidade Administradora do Fondo Social Europeo do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, e ás de control financeiro que lle correspondan á Consellería de Economía e Facenda, ás previstas na lexislación do Consello de Contas ou as daqueles outros organismos públicos que, de ser o caso, procedan.

Artigo 20º.-*Publicidade.*

Segundo o artigo 15.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar publicará no *Diario Oficial de Galicia* as subvencións concedidas con expresión da convocatoria, o programa e o crédito orzamentario ao que se imputen, o/a beneficiario/a, a cantidade concedida e a finalidade ou finalidades da subvención.

Por outra banda, e de conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar publi-

cará na súa páxina web oficial a relación das entidades beneficiarias e os importes das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude implica de forma expresa a autorización para o tratamento necesario dos datos das entidades beneficiarias e para a súa publicación na citada páxina web.

Finalmente, as entidades beneficiarias, coa presentación das solicitudes, autorizan a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar a incluír e facer público, nos rexistros de axudas, subvencións, e convenios e de sancións, regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos á axuda recibida así como ás sancións impostas.

Disposicións adicionais

Primeira.-A concesión destas axudas terá como límite global o crédito consignado no orzamento da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar para este fin, que é de 300.000 euros.

Segunda.-Apróbase a delegación de competencias na secretaria xeral da Igualdade ao abeiro do disposto no artigo 7.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para resolver a concesión, denegación, modificación ou outras incidencias das subvencións convocadas nesta orde, autorizar e dispoñer os gastos así como o recoñecemento das obrigas e a proposta de pagamentos con relación ao disposto no artigo 73 a) do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Terceira.-As entidades beneficiarias atópanse suxeitas ao réxime de infraccións e sancións que en materia de subvencións establece o título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposicións derradeiras

Primeira.-En todo o non recollido nesta orde aplicarase o disposto para esta materia na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, en todo o que non se opón á dita lei, e demais normativa de aplicación.

Segunda.-Autorízase a secretaria xeral da Igualdade para ditar as resolucións necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Terceira.-A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2008.

Anxo Manuel Quintana González
Vicepresidente da Igualdade e do Benestar



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA DA
IGUALDADE E DO BENESTAR

ANEXO I

**UNIÓN
EUROPEA**
Fondo Social
Europeo



PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS A PEMES EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS OU ACCIÓNS A FAVOR DA CONCILIACIÓN DA VIDA PERSOAL, FAMILIAR E LABORAL	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO VP441A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO/A SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL DA EMPRESA		ACRÓNIMO	C.I.F./N.I.F.
ENDEREZO		PROVINCIA	
CONCELLO	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO	
SECTOR INDUSTRIAL		ACTIVIDADE PRINCIPAL	
ANO DE CONSTITUCIÓN	Nº REGISTRAL INDUSTRIAL	PERSOAL INDEFINIDO	PERSOAL EVENTUAL
CNAE			

REPRESENTACIÓN LEGAL

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	DNI
Para o caso de representación mancomunada, datos do 2º representante			
PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	DNI

DATOS DO INVESTIMENTO E CONTÍA SOLICITADA

TIPO DE INVESTIMENTO QUE SE VAI REALIZAR E DENOMINACIÓN (SEGUNDO ARTIGO 5º DESTA ORDE)		
INVESTIMENTO TOTAL QUE SE VAI REALIZAR	PORCENTAXE SOLICITADA (MAX 50%)	SUBVENCIÓN TOTAL SOLICITADA
	0,00 %	

De acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar publicará no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial a relación de beneficiarias e o importe das axudas concedidas ao abeiro desta orde, e incluírá igualmente as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, se puidesen impoñer, nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das beneficiarias e a referida publicidade.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude serán incorporados a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Se o desexa pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro, no enderezo que figura ao pé desta solicitude.

DOCUMENTACIÓN QUE PRESENTA O/A SOLICITANTE (Sinala cun "x" o que proceda)

<input type="checkbox"/> Formulario da solicitude ANEXO I (Segundo o artigo 9º.1)
<input type="checkbox"/> ANEXO II (Segundo o artigo 9º.2.a)
<input type="checkbox"/> ANEXO III (Segundo o artigo 9º.2.b)
<input type="checkbox"/> ANEXO IV (Segundo o artigo 9º.2.c)
<input type="checkbox"/> Escritura pública de constitución de estatutos (Segundo o artigo 9º.2.d)
<input type="checkbox"/> CIF da empresa solicitante o NIF (Segundo o artigo 9º.2.d)
<input type="checkbox"/> Documento público do poder co que actúa/n o/s solicitante/s (Segundo o artigo 9º.2.d)
<input type="checkbox"/> Fotocopia/s do/s DNI (Segundo o artigo 9º.2.d)
<input type="checkbox"/> Memoria explicativa da solicitude (Segundo o artigo 9º.2.e)
<input type="checkbox"/> Declaración responsable (Segundo o artigo 9º.2.f)
<input type="checkbox"/> Declaración responsable (Segundo o artigo 9º.2.g)
<input type="checkbox"/> Declaración responsable (Segundo o artigo 9º.2.h)

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 21 de novembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, da subvencións, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, destinadas a pequenas e medianas empresas (Pemes) para a realización de plans ou accións a favor da conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOAS QUE O REPRESENTEN, E SELO DA ENTIDADE

Lugar e data

, de 200

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE

	DATA DE ENTRADA
	___/___/___
	DATA DE EFECTOS
	___/___/___
	DATA DE SAÍDA
	___/___/___
REVISADO E CONFORME	

ANEXO II

DECLARACIÓN EXPRESA DA EMPRESA SOLICITANTE

D./Dona con DNI

D./Dona con DNI

DECLARA EXPRESAMENTE:

- 1) QUE todos os datos que figuran na solicitude, nos seus anexos, na memoria técnica e demais documentación SON CERTOS E QUE A DITA EMPRESA PERTENCE Á CATEGORÍA DE PEME, de acordo cos criterios establecidos na Recomendación da Comisión Europea do 6 de maio de 2003 (DOCE do 20 de maio de 2003) sobre a definición de microempresas, pequenas e medianas empresas.
- 2) QUE COÑECE E ADMITE AS CONDICIÓNS da convocatoria e cumpre cos requisitos establecidos nela.
- 3) QUE NON SE ATOPA incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria recollidas nos números 2º e 3º do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- 4) QUE OS/AS PROVEDORES/AS NON ESTÁN VINCULADOS/AS coa empresa solicitante ou cos seus órganos directivos ou xestores.
- 5) QUE SE ATOPA DADA DE ALTA no imposto de actividades económicas na **actividade principal** e no grupo ou epígrafe do IAE seguintes:

ACTIVIDADE PRINCIPAL <input style="width: 95%;" type="text"/>	GRUPO OU EPIGRAFE DO IAE <input style="width: 95%;" type="text"/>
--	--

6) QUE SOLICITOU E/OU TEN CONCEDIDAS para o mesmo programa ou acción para os cales se solicita esta subvención as axudas que a seguir se relacionan:

AXUDAS CONCEDIDAS

ORGANISMO	ANO	IMPORTE(€)	TIPO	DISPOSICIÓN REGULADORA
<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>
<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>

AXUDAS SOLICITADAS

ORGANISMO	ANO	IMPORTE(€)	TIPO	DISPOSICIÓN REGULADORA
Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar	2008	<input style="width: 95%;" type="text"/>	Subvenc.	Orde do de de 2008
<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>
<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>

ADEMAIS, DECLARA EXPRESAMENTE:

Que a citada empresa, no exercicio fiscal en curso e nos dous exercicios fiscais anteriores á solicitude de subvención ao abeiro desta convocatoria (Risque cun "x")

- Non obtivo ningunha subvención ou axuda pública suxeita ao réxime de "minimis"
- Si obtivo ou solicitou outras subvencións e/ou axudas públicas suxeitas ao réxime de "minimis" que son as que a seguir se relacionan:

ENTIDADE	DATA DE SOLICITUDE	DATA DE APROBACIÓN	IMPORTE RECIBIDO
<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>
<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>
<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>

Así mesmo, comprométese a comunicar cantas axudas de *minimis* ou outras axudas solicite ou obteña para a mesma actuación das administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración, segundo o artigo 15.4º do Decreto 287/2000, do 21 de novembro.

Lugar e data

, de de 200

Asdo.:

Definición de PEME segundo a Recomendación 2003/361/CE da Comisión, do 6 de maio de 2003 (DOUE 1124/36 do 20 de maio de 2003): terán esta consideración as unidades económicas con personalidade xurídica propia que cumpran coas seguintes condicións:

- a) Que ocupen menos de 250 persoas.
- b) Que o volume de negocios anual non exceda 50 millóns de euros ou ben o balance xeral, activo total, non sexa superior a 43 millóns de euros.
- c) Que cumpran o criterio de independencia, tal e como se define a seguir: que o seu capital ou os seus dereitos de voto non pertencan en máis dun 25% conxunta ou individualmente a empresas que non respondan á definición de PEME, agás que estas sexan sociedades públicas de investimento, sociedades de capital risco ou investidores institucionais, sempre que estes non exerzan individual ou conxuntamente ningún control sobre a empresa.
- d) Para o cálculo dos límites das letras a) e b) anteriores, engadíranse as cifras correspondentes da empresa beneficiaria ás de todas as empresas en que posúa directa ou indirectamente o 25% ou máis do seu capital ou dos seus dereitos de voto.

ANEXO III

DECLARACIÓN VOLUNTARIA DE COMPROMISO DE USO E POSTERIOR UTILIZACIÓN DA LINGUA GALEGA, PARA OS EFECTOS DO SINALADO NO ARTIGO 10º DAS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DAS SUBVENCIÓNS, COFINANCIADAS POLO FONDO SOCIAL EUROPEO, DESTINADAS A PEQUENAS E MEDIANAS EMPRESAS (PEMES) PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS OU ACCIÓNS A FAVOR DA CONCILIACIÓN DA VIDA PERSOAL, FAMILIAR E LABORAL.

D./Dona con DNI

en calidade de comparece en nome da empresa

con CIF

DECLARO:
O compromiso de utilización da lingua galega en todas as relacións que a/o interesada/o manteña coa Administración autonómica, de acordo co establecido no artigo 6.3º da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, así como de uso e posterior utilización da lingua galega en todos os elementos que deriven da materialización das accións subvencionables.

E para que conste, para os efectos oportunos, asino esta declaración-compromiso:

de 200

Asdo.:

ANEXO IV

DATOS BÁSICOS

ACCIÓNS SUBVENCIONABLES				
Accións subvencionables (segundo o artigo 5º.1 das bases reguladoras) a/b/c/d	Descrición	Mes de inicio	Mes de finalización	Importe
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
TOTAL				<input type="text"/>

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA OU ACCIÓN E RESUMO DAS MELLORAS QUE SE VAN CONSEGUIR (Este resumo non substitúe o que deberá presentar a empresa solicitante)

DATOS DA EMPRESA (centro de traballo onde se vai desenvolver o programa de acción)

ANO DE CONSTITUCIÓN <input type="text"/>	SECTOR INDUSTRIAL <input type="text"/>
ACTIVIDADE PRINCIPAL DE ACORDO CO CNAE <input type="text"/>	

DATOS DO LUGAR DE REALIZACIÓN DO PROGRAMA OU ACCIÓN SUBVENCIONABLE

ENDEREZO <input type="text"/>	PROVINCIA <input type="text"/>	
CONCELLO <input type="text"/>	LOCALIDADE <input type="text"/>	CÓDIGO POSTAL <input type="text"/>
POLÍGONO INDUSTRIAL	<input type="checkbox"/> Si	<input type="checkbox"/> Non
ACTIVIDADE PRINCIPAL DE ACORDO COA DECLARACIÓN CENSUAL DO IAE DO LUGAR ONDE SE DESENVOLVE A ACTIVIDADE <input type="text"/>	GRUPO OU EPÍGRAFE DO IAE <input type="text"/>	

RELACIÓN CONTRACTUAL DO PERSOAL

Nº INDEFINIDOS		Nº EVENTUAIS		TOTAL	
HOMES	MULLERES	HOMES	MULLERES	HOMES	MULLERES
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Lugar e data

de 200

Asdo.:

ANEXO V

(Modelo de renuncia para efectos do previsto no artigo 14º.2)

D./Dona co DNI

actuando en nome e representación da empresa

que ten o seu enderezo en

MANIFESTA:

Que o día recibiu a notificación da concesión de subvención que lle foi outorgada ao abeiro da Ode do pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, destinadas a pequenas e medianas empresas (Pemes) para a realización de programas ou accións a favor da conciliación da vida persoal, familiar e laboral, por unha contía de 0,00 €

DECLARA:

Que renuncia á subvención concedida, cos efectos que establece a Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Lugar e data , de de 200

SELO DA EMPRESA

Asdo.:

ANEXO VI

SOLICITUDE DE PAGAMENTO

DATOS DA EMPRESA SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL DA EMPRESA <input type="text"/>		ACRÓNIMO <input type="text"/>		C.I.F./N.I.F. <input type="text"/>
ENDEREZO <input type="text"/>			PROVINCIA <input type="text"/>	
CONCELLO <input type="text"/>	LOCALIDADE <input type="text"/>		CÓDIGO POSTAL <input type="text"/>	
TELÉFONO <input type="text"/>	FAX <input type="text"/>	CORREO ELECTRÓNICO <input type="text"/>		

DATOS DO/A REPRESENTANTE

PRIMEIRO APELIDO <input type="text"/>	SEGUNDO APELIDO <input type="text"/>	NOME <input type="text"/>	DNI <input type="text"/>
POSTO QUE DESEMPEÑA <input type="text"/>			
TELÉFONO <input type="text"/>	FAX <input type="text"/>	CORREO ELECTRÓNICO <input type="text"/>	

EXPEDIENTE Nº SXPA

SOLICITO:

O pagamento da subvención concedida pola resolución da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar do ,de de 2008 de conformidade coa documentación que se achega para estes efectos, segundo o artigo 16º.1 da orde de convocatoria.

Documentación que se achega:

Declaración na que se acredite o importe, procedencia e aplicación dos recursos propios achegados pola empresa para o financiamento da acción que se subvenciona (art. 16º.2 b)

Declaración complementaria sobre axudas solicitadas, concedidas ou pendentes de resolución para a mesma finalidade (ANEXO II-art.16º.2.c)

Memoria das actividades realizadas (art. 16º.2 d)

Xustificantes dos gastos (art. 16º.2 e)

Xustificantes dos pagamentos (art. 16º.2 f)

Certificación bancaria de titularidade de conta (art. 16º.2 f)

Xustificación que acredite a publicidade do cofinanciamento da Xunta de Galicia e do FSE(art. 16º.2 h)

Xustificación de ter presentado polo menos tres ofertas (art. 16º.2 i)

Sinatura do/a representante

Lugar e data , de de 200